

# MEMORIA DE ACTIVIDADES FINANCIADAS A CARGO DO PACTO DE ESTADO 2023

Vicerreitoría de Igualdade, Cultura e Deporte  
[Oficina para a Igualdade de Xénero](#)



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

## Contido

|                                                                                                                                                                                                                                                     |    |
|-----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|----|
| 1. INTRODUCCIÓN.....                                                                                                                                                                                                                                | 3  |
| 2. ACTIVIDADES CORRESPONDENTES AO EIXE 1: RUPTURA DO SILENCIO: SENSIBILIZACIÓN E PREVENCIÓN .5                                                                                                                                                      |    |
| a. Deseño e posta en marcha do programa formativo en materia de igualdade, educación afectivo-sexual, diversidade e non discriminación para o alumnado da UDC (Medida 1.1.3).....                                                                   | 5  |
| b. Deseño e posta en marcha de programas formativos en materia de igualdade para o profesorado da UDC (Medida 1.1.15) .....                                                                                                                         | 10 |
| c. Accións formativas en relación coa perspectiva de xénero na docencia universitaria (Medida 1.1.4).....                                                                                                                                           | 11 |
| d. Organización das VIII Xornadas Universitarias Galegas en Xénero (XUGeX) (medida 1.1.15) .....                                                                                                                                                    | 12 |
| e. Premios aos traballos académicos (TFG, TFM, teses) con perspectiva de xénero (medida 1.1.4) .....                                                                                                                                                | 13 |
| f. Campañas de difusión a través de diversos soportes: cartelaría e folletos, redes sociais e, en xeral, as TIC (medida 1.2.26) .....                                                                                                               | 14 |
| 3. ACTIVIDADES CORRESPONDENTES AO EIXE 5: IMPULSO DA FORMACIÓN QUE GARANTE A MELLOR RESPONSA ASISTENCIAL .....                                                                                                                                      | 21 |
| a. Organización de cursos e xornadas de formación orientadas a alumnado e profesorado das titulacións relacionadas co ámbito do audiovisual, ademais de a xornalistas (medida 5.224) .....                                                          | 21 |
| 4. ACTIVIDADES CORRESPONDENTES AO EIXE 8: VISUALIZACIÓN E ATENCIÓN A OUTRAS FORMAS DE VIOLENCIA CONTRA AS MULLERES.....                                                                                                                             | 21 |
| a. Organización da I Xornada Interuniversitaria Galega Submisión química e Violencia machista (medida 8.255) .....                                                                                                                                  | 21 |
| b. Concurso de creacións artísticas para a prevención do acoso e para dar publicidade ao protocolo de actuación ante situacións de acoso sexual, por razón de sexo, por orientación sexual e identidade ou expresión de xénero (medida 8.254) ..... | 25 |
| 5. LISTAXE DE ANEXOS .....                                                                                                                                                                                                                          | 28 |

# 1. INTRODUCCIÓN

Nesta memoria preséntanse as actividades financiadas con fondos do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero (Ministerio da Presidencia, Relacións coas Cortes e Igualdade) incluídas no Convenio de colaboración entre a Consellería de Emprego e Igualdade, a través da Secretaría Xeral da Igualdade, e a Universidade da Coruña.

Estas actuación encádranse nos diferentes obxectivos definidos no documento refundido final do Pacto de Estado (PE) contra a violencia de xénero, en concreto nos seguintes eixes e medidas:

## EIXE 1: RUPTURA DO SILENCIO: SENSIBILIZACIÓN E PREVENCIÓN

- **Medida 1.1.3.** Reforzar e ampliar, en materia de educación, os valores igualitarios e a educación afectivo-sexual obrigatoria en todos os niveis educativos, e fomentar que estes se enfoquen de forma integral (aspectos fisiolóxicos e afectivo-emocionais).
- **Medida 1.1.4.** Incluír, en todas as etapas educativas, a prevención da violencia de xénero, o machismo e as condutas violentas, a educación emocional e sexual e a igualdade, o valor da diversidade e a tolerancia.
- **Medida 1.1.15.** Ofertar nos programas de formación permanente do profesorado un programa específico de prevención e loita contra a violencia de xénero.
- **Medida 1.2.26.** Realizar campañas que teñan como público obxectivo a mocidade, utilizando preferentemente as tecnoloxías da información e da comunicación.
- **Medida 1.2.34.** Formar a mocidade sobre o uso axeitado e crítico de Internet e das novas tecnoloxías, especialmente na protección da privacidade e sobre os ciberdelitos (axexo ou *stalking*, mensaxaría sexual ou *sexting*, ciberengado de menores ou *grooming* etc.).

## EIXE 5: IMPULSO DA FORMACIÓN QUE GARANTE A MELLOR RESPOTA ASISTENCIAL

- **Medida 5.224.** Impulsar a formación especializada en violencia de xénero para os/as profesionais dos medios de comunicación.

## EIXE 8: VISUALIZACIÓN E ATENCIÓN A OUTRAS FORMAS DE VIOLENCIA CONTRA AS MULLERES

- **Medida 8.255.** Fomentar a investigación en violencias sexuais: estudos diagnósticos, desenvolvemento estatístico, unificación de datos e publicidade destes. Realizar estudos de prevalencia e o deseño de indicadores para todos os tipos de violencias sexuais.

- **Medida 8.254.** Diseñar programas de prevención, detección e protocolos especializados, ou actualizar os existentes en atención e actuación, para os adaptar ás especificidades das diferentes violencias sexuais. Desenvolver protocolos de intervención e detección precoz en todos os ámbitos educativos.



## 2. ACTIVIDADES CORRESPONDENTES AO EIXE 1: RUPTURA DO SILENCIO: SENSIBILIZACIÓN E PREVENCIÓN

*a. Deseño e posta en marcha do programa formativo en materia de igualdade, educación afectivo-sexual, diversidade e non discriminación para o alumnado da UDC (medida 1.1.3)*

Este ano o programa de formación o Plan de formación en igualdade de xénero centrouse no alumnado das facultades de Ciencias da Educación e Ciencias da Comunicación, que están expresamente mencionadas no Pacto de Estado e tamén no alumnado da Escola Politécnica de Enxeñaría de Ferrol (EPEF) e da Facultade de Informática, por seren centros altamente masculinizados. Dada a problemática que existiu anteriormente nos cursos optativos de formación en igualdade e prevención da violencia machista, onde se matriculan fundamentalmente mulleres, actualizouse a formación realizando cursos presenciais de menos horas, pero impartidos dentro das aulas en horario de clase. Isto supuxo un grande esforzo de coordinación entre os docentes dos distintos graos, mostra da implicación que ten o PDI da nosa universidade.

Nos graos de Ciencias da Educación e no Mestrado Universitario en Profesorado de ESO, Bacharelato, FP e Ensino de Idiomas relacionáronse os contidos impartidos nestes cursos co resto da docencia do cuatrimestre e así potenciouse a aprendizaxe e formación en igualdade das persoas que no futuro serán mestres e mestras. Por último, no grao de Comunicación e Audiovisual fixéronse dous talleres: un de comunicación inclusiva e outro de deseño de memes feministas, adaptando a formación con perspectiva de xénero aos contidos docentes do grao concreto.

O alumnado valorou a formación recibida moi positivamente, pois puntuou con notas moi altas os contidos tratados nos cursos (unha parte do curso dedicouse a falar de masculinidades non hexemónicas) e as metodoloxías elixidas, moi dinámicas e participativas.

A estratexia de público cativo foi nun primeiro lugar algo complexo, polas reticencias do alumnado e a complexa organización para encaixar as pímulas dentro das horas de clase, pero as dinámicas levadas a cabo deron como lugar unha participación elevada. O alumnado veu a necesidade e a valía deste tipo de formacións.



## Claves para educar en igualdade desde unha perspectiva interseccional e previr a violencia de xénero

Na táboa 1 figura un resumo dos cursos organizados, co número de asistentes e a medida específica do PE que abarca cada curso. Ademais, no anexo I inclúense as fichas coa información estendida da temática que se tratou en cada un deles.

| Descrición                                                                               | Medida PE      | Datas                                        | Duración | Ámbito                                                         | Prazas | Asist. | M (%) |
|------------------------------------------------------------------------------------------|----------------|----------------------------------------------|----------|----------------------------------------------------------------|--------|--------|-------|
| Claves para educar en igualdade e previr a violencia de xénero                           | 1.1.3<br>1.1.4 | 25, 27, 28 e 29 de setembro                  | 8 h      | Alumnado do grao en Educación Infantil                         | 30     | 30     | 80%   |
| Coeducación emocional: educación, emocións e igualdade como ferramenta de transformación | 1.1.3<br>1.1.4 | 17,18,19 e 20 outubro. Moodle 15-30 outubro. | 16 h     | Alumnado do Grao en Educ. Soc. Fac. Ciencias da Educación      | 84     | 84     | 85%   |
| Coeducación emocional: educación, emocións e igualdade como ferramenta de transformación | 1.1.3<br>1.1.4 | 23,24,e 25 outubro. Moodle 15-30 outubro.    | 16 h     | Alumnado do Grao en Educ. Primaria. Fac. Ciencias da Educación | 60     | 53     | 95%   |
| A coordinación do benestar e da protección desde un enfoque de xénero                    | 1.1.3<br>1.1.4 | 25 outubro, 8 e 15 de novembro               | 2h       | Alumnado de 3º do Grao en Tecnoloxías Industriais              | 50     | 50     | 38%   |



|                                                  |                              |                                |    |                                           |           |    |       |
|--------------------------------------------------|------------------------------|--------------------------------|----|-------------------------------------------|-----------|----|-------|
| Pílulas de Igualdade: a mirada violeta           | <b>1.1.3</b><br><b>1.1.4</b> | 27 setembro, 4 e 18 de outubro | 2h | 2.º Curso do Grao en Enxeñaría Mecánica   | 54        | 54 | 13%   |
| Pílulas de Igualdade: a mirada violeta           | <b>1.1.3</b><br><b>1.1.4</b> | 30 xaneiro e 2 de Febreiro     | 2h | Alumnado do Grao en Enxeñaría Informática | 20        | 12 | 17%   |
| Curso offline- Masculinidades e relac. de xénero | <b>1.1.3</b><br><b>1.1.4</b> | Moodle                         | 4h | Toda a comunidade universitaria           | Ilimitado | -  | -     |
| Cara unha comunicación inclusiva                 | <b>1.1.3</b><br><b>1.1.4</b> | 21 e 26 setembro               | 8h | 2.º Grao en Comunic. Audiovisual          | 45        | 42 | 59%   |
| Obradoiro de creac. De memes feministas          | <b>1.1.3</b><br><b>1.1.4</b> | 17 e 20 outubro                | 2h | 1.º Grao en Creac. Dixital                | 50        | 48 | 58,3% |
| Obradoiro de creac. De memes feministas          | <b>1.1.3</b><br><b>1.1.4</b> | 19 e 20 outubro                | 2h | 1.º Grao en Comunicac. Audiovisual        | 50        | 46 | 48%   |

*Táboa 1. Cursos ofertados ao alumnado*








*Figura 1. Fotos das pílulas formativas destinadas ao público cativo na Faculdade de informática*



# Comunicar en igualdade





## PÍLULA FORMATIVA

# IGUALDADE DE XÉNERO PARA A TRANSFORMACIÓN PERSOAL

*Figura 2. Carteis das píulas formativas destinadas ao público cativo*

### *b. Deseño e posta en marcha de programas formativos en materia de igualdade para o profesorado da UDC (medida 1.1.15)*

Durante este ano deseñáronse dous cursos dirixidos principalmente ao persoal docente e investigador. Estes cursos están organizados para unha docencia *offline*, e estarán dispoñibles para garantir unha formación en igualdade e prevención das violencias machistas continua. En concreto preparáronse dous cursos:

- *Curso básico sobre Igualdade na UDC: abordaxe transversal dos valores da igualdade de xénero.*

Enfocado ao PDI novel e persoal técnico, de xestión, administración e servizos (PTXAS), ten por obxectivos sensibilizar en materia de igualdade de xénero e introducir conceptos básicos. Concienciar sobre a importancia de introducir a perspectiva de xénero na docencia e ofrecer ferramentas prácticas para a súa aplicación. Dar a coñecer algunhas das principais ferramentas con que conta a UDC para a promoción da igualdade e actuar fronte ás violencias machistas. Mellorar as habilidades para recoñecer casos de acoso sexual, por razón de sexo, por orientación sexual e identidade ou expresión de xénero na UDC. Descubrir a percepción social e a realidade do fenómeno no ámbito universitario.

- *Masculinidade e relacións de xénero. Construción de masculinidades igualitarias para a prevención das violencias machistas.*

Enfocado a todo o PDI, PTXAS e alumnado. Ten por obxectivos analizar a construción social das masculinidades na nosa sociedade e as diferentes expresións. Traballar a deconstrución do modelo hexemónico de masculinidade como estratexia de consecución da igualdade. Favorecer a reflexión crítica sobre os modelos relacionais asumidos para a identificación de condutas tóxicas e sobre a importancia de

establecer outro tipo de relacións afectivas e sexuais máis igualitarias e saudables. Ofrecer unha visión global sobre as diferentes manifestacións da violencia de xénero e outras violencias machistas, aprofundando nas súas causas e consecuencias. Aprender a estruturación das emocións.

*c. Accións formativas en relación coa perspectiva de xénero na docencia universitaria (medida 1.1.4)*

Como en anos anteriores e co obxectivo de fomentar a inclusión da perspectiva de xénero nas materias das distintas titulacións que se imparten na Universidade da Coruña, este ano completouse a colección de **Guías en galego para unha docencia con perspectiva de xénero** con tres guías novas, traducindo e maquetando as guías xa editadas pola Xarxa Vives Universitat, sobre as especialidades de Docencia en Liña, Enxeñaría Multimedia e Enxeñaría Electrónica e Telecomunicación. Esta actividade foi realizada en conxunto coas oficinas das tres universidades do SUG para acadar unha maior difusión.

As guías xa traducidas e maquetadas están a disposición da comunidade universitaria na páxina web da Oficina para a Igualdade de Xénero (<https://bit.ly/3VphRRA>).

A asistencia ao **XVI ENCUENTRO DE UNIDADES DE IGUALDAD** organizado o 1 e 2 de setembro en Valladolid, pola Red de Unidades de Igualdad de Género para la Excelencia Universitaria (RUIGEU), supuxo un punto de encontro e intercambio de experiencias entre as diferentes unidades de igualdade das universidades que conforman a rede. Falouse de políticas universitarias en materia de xénero, así como das novidades que neste aspecto pode introducir a LOSU. A conferencia plenaria estivo a cargo de Margarita Subirats co título “La violencia de género no es ideología”.

O programa completo das xornadas pode consultarse na páxina web do evento ([ligazón](#)).

Dedicada ao alumnado da Facultade de Dereito, o 24 de novembro organizouse unha xornada sobre cuestións xurídicas relacionadas co tratamento penal das violencias sexuais producidas por submisión química. Baixo o título “**As violencias sexuais dende a perspectiva penal e médico-forense**” abordáronse cuestións xurídicas relacionadas coas violencias sexuais por submisión química, a pornografía ou as agresións sexuais múltiples. Na seguinte figura achégase o cartaz da xornada que inclúe os títulos e relatores das charlas.

## Xornadas

### "As violencias sexuais dende a perspectiva penal e médico-forense"

**Venres 24 de novembro de 2023**  
Salón de Graos. Facultade de Dereito.  
Universidade da Coruña

|                                                                                                                                                                                                  |
|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| <p>9.00-9.30. Presentación da xornada.<br/>Ana María Neira Pena.<br/>Profesora de Dereito Procesual.<br/>Directora da Oficina para a Igualdade de Xénero.<br/>Universidade da Coruña.</p>        |
| <p>9.30-10.30. Submisión química dende o punto de vista da medicina forense.<br/>Begoña Rubio Viqueira.<br/>Membro do corpo de Medicina Forense.<br/>Instituto de Medicina Legal de Galicia.</p> |
| <p>10.30-11.30. Redes de pornografía de menores.<br/>José Antonio Ramos Vázquez.<br/>Profesor de Dereito Penal.<br/>Universidade da Coruña.</p>                                                  |
| <p>11.30-12.00. Resposta penal ás agresións sexuais múltiples.<br/>Jara Bocanegra Márquez.<br/>Profesora de Dereito Penal.<br/>Universidade de Sevilla.</p>                                      |

Organización: Ana María Neira Pena. Directora da OIX.










Figura 3. Programa da Xornada desenvolta na Facultade de Dereito da UDC

#### *d. Organización das VIII Xornadas Universitarias Galegas en Xénero (XUGeX) (medida 1.1.15)*

As Xornadas Universitarias Galegas en Xénero, organizadas polas tres universidades do SUG, tiveron como lema o de «Epistemoloxías feministas en acción» (véxase o [programa das xornadas](#)). Esta oitava edición, realizada o 9 de xuño de 2023 en Vigo, centrouse en reflexionar sobre a orixe e evolución da orde política patriarcal e o seu impacto na andamiaxe cultural, institucional e cognitiva da nosa sociedade e das nosas universidades. Estas xornadas tiveron por obxectivo reflexionar, dende unha mirada crítica feminista, sobre o actual contexto multicrise (guerra en Europa, crise ambiental, feminización global da pobreza, crise financeira etc.) e o impacto que está a xerar na violencia de xénero e machista, na ciencia e na academia e tamén nos contidos docentes universitarios. Na páxina web das XUGeX (<https://xugex.gal/>) pode atoparse as ligazóns aos relatorios gravados en vídeo e tamén o libro de actas.



Figura 4. Cartel da VIII Xornada Universitaria Galega en Xénero

*e. Premios aos traballos académicos (TFG, TFM, teses) con perspectiva de xénero (medida 1.1.4)*

Como todos os anos convocouse o concurso para premiar os mellores traballos de fin de grao ou mestrado con perspectiva de xénero. Na undécima edición dos premios Ángeles Alvariño foron premiados dez traballos que destacaron pola súa calidade e orixinalidade, ademais da acertada metodoloxía que se usou para incluír os aspectos de xénero en temáticas moi diferentes. No anexo III inclúese a convocatoria e a resolución dos premios. Por outra banda, a entrega de premios realizouse nun acto organizado polo 25 de novembro, onde as persoas premiadas falaban dos aspectos máis destacables dos seus proxectos (véxase o [programa do acto oficial polo 25N](#)).





Figura 5. Cartel do XI Concurso Ángeles Alvariño

*f. Campañas de difusión a través de diversos soportes: cartelería e folletos, redes sociais e, en xeral, as TIC (medida 1.2.26)*

Durante este período fixéronse varias campañas de difusión:

– **Xornada de benvida para o alumnado da UDC (21/09/2022)**

Ao igual que o curso pasado, aproveitouse a xornada de benvida dirixida ao novo estudantado da UDC para dar a coñecer a Oficina para a Igualdade de Xénero (OIX), así como para informar sobre os distintos tipos de acoso e a existencia dun protocolo contra o acoso da nosa universidade. Colocáronse dous puntos informativos: un no campus de Ferrol, en horario de 11 a 14 h; e outro no Estadio Universitario, no campus de Elviña, de 12:00 a 14:30 h e de 15:30a 18:00 h. Atendéronse mais de 850 persoas durante esta xornada (achéganse as fotos do evento de inicio do curso 2023/2024).







Figura 6. Fotografías da xornada de benvinda no Campus de Ferrol e no Campus de Elviña

– **Campaña de difusión DESLÍGATE IV para sensibilizar o alumnado sobre as violencias de xénero nos ámbitos deportivos**

Publicase o número 4 do noso xornal *DESLÍGATE*. Como en anos anteriores, trátase dunha campaña onde se simula un xornal deportivo, coa finalidade de mostrar novas sobre a muller no deporte tanto no que respecta aos logros deportivos, que moitas veces quedan invisibilizados, como no tocante ás situacións de violencia sexual e acoso que sofren neste ámbito.



Figura 7. Portada do xornal para sensibilizar o alumnado sobre as violencias de xénero no deporte

Este cuarto número ten os seguintes contidos entre outros:

- No Campus: Mobilización da comunidade pola salvagarda da poboación civil e pola paz e xustiza en Palestina
- Na masculinidade. Entrevista a Juanjo Lorenzo Castiñeiras, profesor axudante doutor da UDC.



- Nos muros: Recensión da publicación *Cando elas toman os muros*, liderada por 7H Cooperativa Cultural e editada pola Universidade da Coruña.
  - De Actualidade: Entrevista a Bibiana Santiso, presidenta e fundadora da asociación A terra, o balón mais elas, sobre o machismo no fútbol profesional.
  - Na Rede: II Xornadas IA Nesgos de Xénero e Oportunidades para a Igualdade. Entrevista a Lucía Ramos García
  - FRONTE Á VIOLENCIA MACHISTA, ACOMPAÑAMENTO FEMINISTA. **Posta en marcha dos puntos violetas da UDC (Universidade Da Coruña)**
- **Campaña de “SÓACHE?” organizada polo 25N para sensibilizar a comunidade universitaria sobre as diversas caras da violencia machista.**

Baixo o lema “SÓACHE? A violencia contra as mulleres ten moitas formas. Esta, só é unha máis” gravouse unha serie de vídeos curtos para publicar como *reels* en Instagram.

Cada un deles recrea situacións acontecidas na comunidade universitaria. Os vídeos graváronse en colaboración coa Aula de Teatro da Universidade da Coruña. Na seguinte táboa preséntanse as ligazóns ás publicacións así como a métrica do seu impacto en RRSS.



Figura 8. Imaxe da campaña Sóache?



## Título do vídeo

## Ligazón INSTAGRAM. Impacto nas RRSS

### Pase vostede...



<https://www.instagram.com/reel/Cz3NCtlujFW/>

Publicado: 20/11/2023

Número de visualizacións: 1849

Gústames: 49

### Traballo de clase



[https://www.instagram.com/reel/Cz5uZSYvN\\_m/](https://www.instagram.com/reel/Cz5uZSYvN_m/)

Publicado: 21/11/2023

Número de visualizacións: 1172

Gústames: 45

### O lobe...



[https://www.instagram.com/reel/Cz8U\\_fLse7R/](https://www.instagram.com/reel/Cz8U_fLse7R/)

Publicado: 22/11/2023

Número de visualizacións: 2345

Gústames: 85



---

#### A solicitude

<https://www.instagram.com/reel/Cz-50ewynGt/>



Publicado: 23/11/2023

Número de visualizacións: 727

Gústames: 29

---

#### De festa

<https://www.instagram.com/reel/C0B8SPRNmtV/>



Publicado: 24/11/2023

Número de visualizacións: 576

Gústames: 24

---

#### Son invisible?

<https://www.instagram.com/reel/C0CH4w7NWH8/>



Publicado: 24/11/2023

Número de visualizacións: 1790

Gústames: 49

---



### — Posta en marcha dos puntos violeta da UDC

Co obxectivo de sensibilizar contra a violencia machista e acoller ás vítimas para darlles información, mercouse a infraestrutura necesaria para instalar dous puntos violeta na nosa universidade: un para o campus de Ferrol e outro para o campus de Elviña. Con estas carpas poderanse instalar os puntos informativos en festas ou eventos universitarios de interese.





Figura 9. Fotografías da instalación dos puntos violeta

### 3. ACTIVIDADES CORRESPONDENTES AO EIXE 5: IMPULSO DA FORMACIÓN QUE GARANTE A MELLOR RESPOSTA ASISTENCIAL

- a. *Organización de cursos e xornadas de formación orientadas a alumnado e profesorado das titulacións relacionadas co ámbito do audiovisual, ademais de a xornalistas (medida 5.224)*

Dentro do Plan de formación en igualdade de xénero organizáronse varios cursos específicos nesta temática dirixidos ao alumnado da Facultade de Ciencias da Comunicación (véxase a táboa 2). Nos cursos «Comunicar en igualdade», así como no «Obradoiro de creación de memes feministas», falouse sobre os nesgos e a discriminación que moitas veces atopamos nas noticias difundidas sobre casos de violencia machista e acoso sexual.

### 4. ACTIVIDADES CORRESPONDENTES AO EIXE 8: VISUALIZACIÓN E ATENCIÓN A OUTRAS FORMAS DE VIOLENCIA CONTRA AS MULLERES

- a. *Organización da I Xornada Interuniversitaria Galega Submisión química e Violencia machista (medida 8.255)*

A xornada organizouse o 31 de marzo do 2023 en formato en liña, como un foro no que reunir persoas expertas en diferentes temas relacionados con este tipo de violencias sexuais. Por primeira vez este ano fíxose unha xornada interuniversitaria organizada en conxunto coa USC e a UVigo.

Estruturouse coma catro relatorios en que interviñeron as seguintes persoas expertas:

-O protocolo de detección de casos de submisión química do Centro Hospitalario Universitario de Ourense (CHOU). Francisco José Aramburu Vilariño, director de Urgencias do Complexo Hospitalario Universitario de Ourense. Falou do protocolo de actuación do Servizos de Urgencias Hospitalarias ante un caso de submisión química.

-Atención e acompañamento das vítimas de violencia sexual. Paula Souto Castro, psicóloga da Oficina de Asistencia ás Vítimas dos Xulgados de Santiago de Compostela.

-O tratamento das violencias sexuais nos medios de comunicación e a cobertura mediática dos casos de submisión química. Marga Tojo González, de Xornalistas galegas, colectivo de máis de 200 mulleres profesionais das ciencias da comunicación que desenvolven a súa actividade en Galicia en defensa dun xornalismo con perspectiva feminista.

-Chaves para comprender as violencias sexuais en contextos de ocio. Ana Burgos García, coordinadora de Noctámbul@s. Observatorio sobre as violencias sexuais en contornos de ocio nocturno e consumo de drogas (FSC).



Figura 10: Cartel do programa da Xornadas Interuniversitaria sobre submisión química





Figura 11: Inauguración da Xornada Interuniversitaria sobre submisión química

A xornada tivo moi boa acollida con mais de 107 participantes (os relatorios presentados poden verse na UDC TV; [Xornada Interuniversitaria sobre Submisión Química e Violencias Sexuais](#)).



# As tres universidades galegas abordan o alcohol como principal risco para a submisión química

Nunha xornada en liña varios poñentes analizan hoxe as violencias sexuais // A meta, formar ao alumnado en perspectiva de xénero

Lorena Ibea Landeira

Santiago | 31-03-23 | 06:00



Xulgados de Santiago, en Fontiñas, onde se atopa a oficina de atención á vítima e ao cidadán / Jesús Prieto

As tres universidades galegas desenvolverán hoxe unha xornada en liña en materia de submisión química (uso, sen consentimento, de substancias psicoactivas con fins delictivos) e violencias sexuais. Un dos relatorios correrá a cargo de Paula Souto Castro, psicóloga da Oficina de Asistencia ás Vítimas dos Xulgados de Santiago de Compostela. "Observamos que as violencias sexuais están sendo cada vez máis perpetrados por homes que coñecen ás vítimas. Antes iso era máis excepcional e tiñamos outro tipo de perfil de agresor, como persoa descoñecida. Na actualidade, na maioría dos casos son persoas que coñecen ás vítimas ou que se moven dentro do seu círculo de lecer", comentou Souto en conversación con este medio.

Neste contexto, a psicóloga observa que dende que hai unha normativa na que se contempla de forma máis pormenorizada este tipo de delitos e a protección á vítima "a xente denuncia máis". En calquera caso non se atreve a dicir se hai menos ou máis casos no último ano "porque depende moitas veces da posibilidade que teñan as persoas de acceder ás Oficinas de Atención ás Vítimas".



PUBLICIDAD

España | digital

TU FUTURO SE ESCRIBE CON



## TE PUEDE INTERESAR

2023-03-29

Críticas a Ana Obregón tras ser madre por gestación subrogada a los 68 años: 'Comprar ...



2023-03-30

El Gobierno baja un 30% la tarifa regulada de gas y anticipa otra sacudida en el sector ...



Figura 12: Nota de prensa sobre a Xornada Interuniversitaria sobre Submisión Química.



Oficina para a Igualdade de Xénero  
Vicerreitoría de Igualdade, Cultura e Deporte

UNIVERSIDADE DA CORUÑA



Figura 13: Imaxe mostrada na Xornada Interuniversitaria sobre Submisión Química

*b. Concurso de creacións artísticas para a prevención do acoso e para dar publicidade ao protocolo de actuación ante situacións de acoso sexual, por razón de sexo, por orientación sexual e identidade ou expresión de xénero (medida 8.254)*

Dentro do plan de comunicación do Protocolo da UDC, organizouse un concurso para elaborar diferentes creacións artísticas que axudasen a coñecer o protocolo contra o acoso entre a comunidade universitaria. No anexo IV inclúense as bases do concurso e a resolución coas persoas premiadas. Este ano premiáronse dous cartaces, un vídeo (na [seguinte ligazón](#) pódese ver a creación da autora Alicia Gangoso González) e un microrrelato. No anexo IV recóllese a documentación asociada a este concurso.

Microrrelato premiado no concurso autora Natalia Cea Rodríguez

**a todas vós, milicianas**

Asumo dimensións que me incomodan,  
e soporto culpa que non corresponde.

Cando visto a saia de coiro,  
tamén aquela vez na praia.

Todas as noites que escollín escote,  
o día que me dixeron que engordei  
e cando sinalaron rindo a miña altura.



Unha parte da miña idea da perfección  
desaparece subitamente  
e eu con ela,  
detesto as medidas e o peso,  
incluso a pel e o cabelo.  
Cada vez que un xuíz aleatorio  
pretende redeseñar o corpo  
que non é para consumo.  
É entón que comprendo,  
e arreda da normalidade establecida.  
Consciente e decidida  
rexeito o odio,  
abrázome e abrazo.



Figura 14. Cartel gañador do concurso de difusión do Protocolo (Autora: Cristina Carreira Menéndez)



## PROTOCOLO DE ACTUACIÓN

ante situacións de acoso sexual, por razón de sexo,  
por orientación sexual e identidade ou expresión de  
xénero na UDC



1

Presenta unha reclamación  
ou denuncia ante a directora  
da **Oficina para a Igualdade  
de Xénero**.

Pode ser presentada por:

a vítima ou terceira persoa

2

A Oficina para a Igualdade de  
Xénero ratificará a existencia da  
situación denunciada e comuni-  
carallo á **Comisión Asesora** e ó  
reitor nun prazo máximo de 5  
días.

3

Buscaranse **probas** documentais  
e testigos. A Comisión Asesora  
emitirá un informe coas reco-  
mendacións para a **resolución  
do conflito**.

4

A Reitoría adoptará **medidas  
disciplinarias**. Durante todo o  
proceso garantirase a  
**confidencialidade** das persoas  
implicadas.



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

ESCOITÁMOSTE !

Figura 15. Segundo premio do concurso de difusión do Protocolo (Autora: Vanessa Parente González)



## 5. LISTAXE DE ANEXOS

**Anexo I.** Fichas resumo dos cursos de formación dirixidos ao alumnado

**Anexo II.** Fichas resumo dos cursos de formación dirixidos ao profesorado e persoal técnico de xestión e administración e servizos

**Anexo III.** Convocatoria e resolución do XI Concurso Ángeles Alvariño

**Anexo IV.** Convocatoria e resolución do Concurso de creacións artísticas para a prevención das violencias sexistas na UDC

